

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE UNHA PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA, AUXILIAR ADMINISTRATIVO ADSCRITO A SECRETARÍA.

Na casa do Concello cando son as 9:00 horas do día 26 de novembro de 2.010, reúnese o tribunal encargado da valoración das probas no procedemento selectivo dunha praza de funcionario de carreira, auxiliar administrativo adscrito a Secretaría, estando presentes: D^a. Gema Vázquez López (Interventora do Concello) que actúa como Presidenta do Tribunal, como vogais D. Fernando Naya Abeleira, (Administrativo do Concello de Ponteceso), D^a. Yolanda Imia Antelo (Auxiliar Administrativa do Concello de Cabana de Bergantiños) e D^a. Elisa Fernández González (Tesoureira do Concello de Cabana de Bergantiños) e como Secretario D. Federico Suárez Cancelo (Secretario do Concello de Cabana de Bergantiños) que da fe do acto.

Unha vez constituído o Tribunal este trasládase ás dependencias da casa da cultura do Concello de Cabana de Bergantiños co fin de realizar a terceira proba prevista nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 283/2010 do 15 de abril, consistente nunha proba práctica ecamiñada a demostrar tanto os coñecementos informáticos, como o nivel de mecanografía e o coñecemento práctico dos temas que figuran no temario anexo das bases.

Seguidamente e tralo chamamento das aspirantes presentadas, procedese ao desenvolvemento da proba, co contido que se anexa á presente acta, durante un tempo de 1 hora de duración. Unha vez rematada a proba é imprimida e asinada polas aspirantes.

Rematada a proba procédese por parte do tribunal á valoración da mesma cos seguintes resultados aprobados por unanimidade dos membros do tribunal:

Aspirantes que **teñen superado** o terceiro exercicio do proceso de selección dunha praza de auxiliar administrativo por ter obtido unha puntuación mínima de 2,5:

Nº	Apelidos	Nome	Puntuación
1	Candal Rey	María Cristina	2,9

Aspirantes que **non teñen superado** o tercer exercicio do proceso de selección dunha praza de auxiliar administrativo, e **polo tanto quedan eliminados**, por ter obtido unha puntuación de menos de 2,5 puntos:

Nº	Apelidos	Nome	Puntuación
1	Neira Dumont	Tamara	1
2	Rodríguez Montes	Beatriz	2,3
3	González Varela	Sonia María	0,5
4	Liñares Rey	Susana	2,3
5	López Mato	Patricia	1,9

Tendo en conta que a única aspirante aprobada, ten presentado o Celga 4 e polo tanto se entende exenta da realización da cuarta e última proba de conformidade co previsto nas bases de selección.

Polo que o tribunal de selección por unanimidade dos seus membros acorda propoñer a Dona María Cristina Candal Rey con D.N.I nº 79320649-C, para a praza de auxiliar administrativo adscrito a Secretaría do Concello de Cabana de Bergantiños, cunha puntuación definitiva de **14,275** puntos.

De conformidade co previsto nas bases de selección a aspirante seleccionada terá un prazo improporrible de 20 días naturais contados a partir da publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na web do Concello da presente, para presentar no rexistro xeral do Concello a documentación sinalada no punto 10 das bases de selección. De non facelo, perderá o seu dereito a ser nomeada como funcionaria de carreira.

Os restantes aspirantes, de conformidade co punto 13 das bases de selección pasan a integrar a bolsa de traballo segundo a orde de puntuación obtida, para nomeamentos interinos ante posibles baixas, renuncias ou calquera outra continxencia do titular da praza, de acordo caos normas previstas nas bases. Establecese a seguinte orde por puntuación:

BOLSA DE TRABALLO			
Nº	Apelidos	Nome	Puntuación
1	Liñares Rey	Susana	13,450
2	López Mato	Patricia	12,125
3	González Varela	Sonia María	10,875
4	Rodríguez Montes	Beatriz	9,750
5	Neira Dumont	Tamara	9,575

Levántase a sesión cando son as 12:30 horas do día antedito. Asinan os membros do tribunal de selección.